



GRUPO DE TRABAJO DE FORMACIÓN ¿AVANZAMOS?

O xoves, día 21 de novembro, tivo lugar a reunión do Grupo de Traballo de Formación da Mesa Delegada da Seguridade Social (MDSS), e á que previamente **CCOO**, **CSIF** y **CIG** remitimos propostas para a mellora da formación das Entidades Xestoras e Servizos Comúns da Seguridade Social, sobre as que se desenvolveu a reunión:

- **Creación da Escola de Formación e o seu deseño como centro especializado de aprendizaxe (como se recolle no art. 82 do Proxecto de Lei da Función Pública da Administración Xeral do Estado)**

A Administración comeza a reunión comunicando que o día anterior iniciara o trámite para a elaboración da norma que rexerá a futura Escola de Formación da Seguridade Social, trasladando ás entidades un borrador do que se pretende sexa un Real Decreto dado o rango que se quere que teña, como entidade específica para a formación e selección do persoal. Por parte de **CSIF**, **CCOO** y **CIG**, esiximos participar tanto no proceso de elaboración da norma como na nosa presenza na futura xestión desta nova entidade.

- **Negociación e elaboración dos plans de formación pendentes, en base a áreas competenciais e itinerarios formativos (e non como simple programación anual de cursos), xa que permite vincular a formación á provisión e á carreira profesional**

Só o INSS ten o seu plan de formación elaborado e vixente. O resto de entidades expresan o seu compromiso para retomar as negociacións ao respecto. **CIG**, **CSIF** y **CCOO** reiteramos que estes plans deben elaborarse en base a áreas competenciais e itinerarios formativos, xa que permite vincular a formación á provisión e á carreira profesional, como se recolle no Proxecto de Lei da Función Pública da Administración do Estado (**LFPAGE**). Recordamos que, de acordo co recollido no Acordo Xeral de Xestión da Formación do Grupo de Traballo da Mesa Delegada da Seguridade Social de xuño de 2021 (**AGGF-2021**), un Plan de Formación deberá conter os seus obxectivos e principios, deberes e dereitos, avaliación da formación, procedemento da detección de necesidades formativas, etc., e non limitarse a unha mera programación das accións formativas concretas para un determinado exercicio.

- **Homoxeneización e determinación da formación común e formación entre entidades como parte da "Proposta de Vinculación da Formación coa Provisión", e polo tanto convocar GT para vinculación da formación coa provisión (Acordo da MDSS para a Mellora das Condicións de Traballo do 29/11/2018)**

A Administración fixa a data do 22 de xaneiro de 2025 para a reunión deste grupo de traballo. Por parte nosa recordamos que en xuño/2023 presentamos unha proposta para a vinculación da formación coa provisión.

- **Constitución das "Comisións Centrais de Formación" pendentes de regulación (IGSS e SJSS)**

CCOO, **CSIF** y **CIG** sinalamos o paradoxal que resulta que quen asumen a defensa e fiscalización do cumprimento estrito da normativa na Administración da Seguridade Social a incumpran flagrantemente ao negarlle á representación do persoal o dereito á negociación en materia de



formación que recolle o artigo 37 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (**EBEP**), que establece no seu punto 1 que “Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración Pública e co alcance que legalmente proceda en cada caso, as seguintes materias: f) Os criterios xerais dos plans e fondos para a formación e a promoción interna”.

- Maior aproveitamento da Plataforma Única de Formación, que basicamente se está utilizando para formación "ao teu ritmo" non titorizada, que cremos de utilidade para facilitar o acceso á formación por parte do persoal de todas as entidades

A Administración concorda coa nosa opinión de que é desexable un maior uso dun recurso que está infrautilizado e que pode ser de gran utilidade para "democratizar" o acceso á formación, como ferramenta para garantir a accesibilidade de toda a plantilla á formación, a formación entre entidades e a súa vinculación coa provisión.

- Formación para os membros das Comisións de Formación e a súa continuidade, así como a habilitación do Rol de Axente Social en GESFOR, onde só a GISS e o INSS deron pasos neste sentido

A Administración solicita que enviemos propostas de accións formativas susceptibles de ser programadas para a súa impartición aos compoñentes destas comisións. Estudarán a ampliación da información accesible no Rol de Axente Social.

- Formación das persoas poñentes e información sobre a existencia de estratexia ou compromiso para conseguir a paridade nos equipos docentes

Reiteramos o cumprimento de que "As Entidades Xestoras e Servizos Comúns organizarán periodicamente cursos de formación de formadores, segundo os seus plans de formación" establecido no AGGF-2021, así como a solicitude de información por se fose preciso establecer estratexia ou compromiso para conseguir a paridade nos equipos docentes.

- Subsanación das dificultades que se están a plantexar para a asistencia a formación presencial debido á insuficiencia das dietas por aloxamento e manutención, ademais da discriminación que supón o seu diferente importe por grupos

Para salvar as dificultades que xorden respecto ao aloxamento, e con independencia da largamente reivindicada actualización e unificación das compensacións por gastos de aloxamento e manutención (dietas), así como os inconvenientes relacionados cos desprazamentos, **CSIF**, **CCOO** y **CIG** comentamos que se busquen posibles alternativas como poden ser a utilización dos Centros Nacionais de Formación do ISM de Bamio e Isla Cristina, impartición en provincias con menores custos, xestión centralizada dos aloxamentos en paquetes/grupos para poder acceder a descontos, etc.

- Abordar os temas pendentes do Acordo Xeral de Xestión da Formación do Grupo de Traballo da Mesa Delegada da Seguridade Social de xuño de 2021 (AGGF-2021): "Compensación Horaria Mínima", "Criterios Selección Alumnado", "Bolsa Ponentes" centralizada, etc.

A Administración comprométese a levar a cabo un intercambio de propostas para establecer unha compensación horaria mínima. Recordamos que desde xuño/2023 se remitira a nosa proposta ao respecto. Os criterios de selección e a bolsa de poñentes son temas que se desenvolverán coa constitución da Escola de Formación da Seguridade Social.



- Seguimento da habilitación de "espazos illados" en todos os centros de traballo para aquelas persoas traballadoras que prefiran realizar os cursos ON-LINE no seu centro de traballo, en lugar de no seu domicilio

Reiteramos a esixencia do cumprimento do establecido no AGGF-2021 ("se existen dificultades para recibir a formación en aulas polivalentes ou no posto de traballo, a solicitude do alumnado, a organización poderá autorizar excepcionalmente, que realice o curso prestando servizos en modalidade non presencial").

- Formación dos compoñentes dos Servizos de Prevención (PRLL 1002)

En relación co tratado no GT de Prevención, recordamos á Administración o deber de cumprimento do Procedemento de Riscos Laborais 1002 (PRLL-1002), de formación para a actualización dos membros dos servizos de prevención.

Por outra banda, congratulámonos polos acordos de prórroga dos Convenios entre a UCM e a TGSS e INSS do curso de "Experto en Seguridade Social", recordando que o acceso ao mesmo só debe estar vinculado á posesión de titulación universitaria.

Así mesmo, solicitamos información sobre o desenvolvemento dos proxectos da GISS "Talento Dixital – Oferta Formativa Universitaria" e "ferramenta ASSIMA", entre cuxo persoal cremos que se poden promover e facilitar procesos de acreditación de competencias profesionais adquiridas pola experiencia profesional e outras vías non formais de formación (como recolle o proxecto de LFPAGE).

Finalmente recordamos á Administración a obriga da "integración nos plans de formación de módulos específicos sobre dereitos das persoas LGTBI+", conforme ao establecido no RD 1026/2024, polo que se desenvolven medidas para a igualdade e non discriminación de persoas LGTBI+.

Parece que a intención da Administración é avanzar en todas estas cuestións, pero unha vez máis quedamos á espera de futuras materializacións das boas intencións expresadas.

25 de novembro de 2024

Polos nosos dereitos e a mellora das condicións de traballo

Por unha mellora real das condicións de traballo!

**POR UN SERVICIO
DE CALIDAD**

POR LA SEGURIDAD SOCIAL



PROVISIÓN

+PLANTILLA

PRODUCTIVIDAD

+FORMACIÓN

+ORGANIZACIÓN

**-SOBRECARGA DE
TRABAJO**

REVISIÓN DE RPT

CALENDARIO

**TRABAJO A
DISTANCIA**

MEJORES CONDICIONES DE TRABAJO

POR TÍ - POR TOD@S